<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.

Contidos

- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
10	IN THERMIS. HERENCIA ROMANA: ARTE Y EDUCACIÓN	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar adiversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados dos termos latinos máis empregados en clase, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio sempre que xa fora explicado na clase.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando algúns latinismos e locucións usuais e sinxelas de orixe latina.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Intentar producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo, sempre que xa fora explicado na clase e que os termos sexan coñecidos.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Analizar e interpretar de forma moi básica, os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos sempre que sexa posible cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	70
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos moi breves e moi sinxelos, previamente traballados na clase, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir mediante retroversión oracións de mínima dificultade utilizando as estruturas propias da lingua latina.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Redactar diálogos, e expresar oralmente textos e moi sinxelos comprensibles sobre asuntos da vida cotiá e próximos á experiencia persoal, apoiándose sempre en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado dalgún produto cultural salientable do presente, identificando algunha semellanza e/ou diferenza máis importantes coa Antigüidade latina.	TI	30
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis representativos en comparación cos das sociedades modernas.		
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma e os acontecementos e personaxes máis representativos dos mesmos.		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Identificar e valorar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias e artísticas da civilización latina máis salientables.		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e a idea principal dun texto, contextualizándoo e identificando o contexto, e servíndose de coñecementos previos.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar o contido de textos latinos moi sinxelos, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Intentar describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando algunha similitude e/ou diferenza coa Antigüidade latina.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, amosando interese polos procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida.		
CA4.3.1. - Ler e saber explicar as principais manifestacións literarias relativas á mitoloxía clásica.	Ler e responder de maneira sinxela a preguntas sobre as principais manifestacións literarias relativas á mitoloxía clásica, sempre que o alumnado elixa a obra e a lea previamente, aínda que precise axuda para comprender algunha parte..		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, amosando interese polos procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándolos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítica da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.

Contidos

- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partimos dos coñecementos previos do alumnado que no terreo do latín atinxen a parte de léxico pola súa conexión co galego e o castelán. A materia de latín servirá para ampliar tamén o vocabulario galego e castelán e comprender as súas estruturas e evolución.

Os coñecementos de gramática latina son novos para eles e elas, pero si necesitan dunha formación básica en sintaxe para traducir, formación que xa acadaron en 2º e 3º de ESO e que agora será de utilidade. Por outra banda, o feito de traballar esa sintaxe na tradución, servirá para afianzala á súa vez en galego e castelán.

Con respecto aos aspectos de cultura clásica que figuran tamén no currículo desta materia, xa hai un coñecemento previo por parte daquel alumnado que colleu a optativa de cultura clásica. Tentaremos afondar neses aspectos, ampliándoos, pero a vez, repasando para que poidan seguios tamén aqueles alumnos e alumnas que non tiveron esa optativa en 3º.

A metodoloxía combina a exposición teórica cos exercicios prácticos, a lectura e análise de textos con elementos audiovisuais: fragmentos de películas, documentais, traballos en power point.

Tamén combina actividades dirixidas pola profesora con algunhas nas que o alumnado toma a iniciativa, tanto de xeito individual como en grupo.

Procuramos expoñer temas dos distintos bloques, alternándoos para que o seu estudo resulte máis ameno e doado. Eses aspectos dos diferentes bloques combinaranse tamén nos traballos, exercicios e probas escritas, para compensar así a dificultade de uns, coa sinxeleza de outros, e combinar aspectos que poidan resultar menos amenos con outros que si llo parecen ao alumnado. Tamén tentamos que o alumnado participe e traballe tanto individualmente como en grupo, realizando exercicios, traballos, preguntas e exames.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO/S DE TEXTO. Editorial Santillana
Debuxos, carteis, fotografías de obras de arte clásicas
Fotocopias
Textos, adaptacións, obras literarias e libros especializados no mundo clásico
Libros de lectura Vicens Vives : Mitos Griegos
Diccionarios de mitoloxía, de latín e de grego
Material audiovisual: documentais, fragmentos de películas
AULA VIRTUAL
ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TAOLEIRO DIXITAL
APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE

REDES SOCIAIS

A profesora empregará diversos tipos de materiais, que axuden a traballar aspectos diferentes e busquen a variedade na clase para, dentro do posible, motivar ao alumnado e lograr a súa atención e interese cara a materia. Entre eses recursos citamos:

1. Fotocopias, facilitadas pola profesora.
2. Esquemas elaborados polo alumnado a partir da información dada.
3. Debuxos, carteis, fotografías de obras de arte clásicas.
4. Textos, adaptacións, obras literarias e libros especializados no mundo clásico: representativos dos distintos autores e autoras, adaptacións de A Ilíada, A Odisea, As Argonáuticas, As Metamorfosis, textos de Safo, Ovidio, Catulo, Marcial, Horacio... e novos textos que poida descubrir e sexan interesantes para a materia ao longo do curso.
5. Engade ademais dicionarios de mitoloxía, de latín e de grego.
6. Ocasionalmente, exercicios e traballos elaborados coas TIC.
7. Material audiovisual: documentais, fragmentos de películas e presentacións por ordenador.
8. Libro de texto: Latín 4º de ESO, da Editorial Santillana.
9. Libros de lectura: Traxedias de Sófocles e Eurípides, Comedias de Aristófanes.
10. Entre o material audiovisual citamos películas baseadas en obras literarias grecolatinas: Troya (na Iliada) A Odisea, Jasón e os Argonautas (nas Argonáuticas), Hércules... ou en aspectos históricos, Espartaco, Julio César, Cleopatra, Alejandro Magno, Roma... e algúns documentais sobre Roma e Grecia clásicas: vida cotiá, construcións, obras de arte, aspectos históricos e xeográficos, autores e obras de teatro clásico grecolatino: Lisístrata, Medea, Antígona.
11. Incluímos información extraída de Internet, de enciclopedias, e páxinas web.
12. É interesante a asistencia a algunha obra de teatro clásico grego ou latino, cousa que se conseguiu nalgunha ocasión, pero que dependerá da oferta cultural e dos medios.
13. Tamén sería interesante a asistencia a algún museo con obras de arte clásica, e a excursión a lugares nas que perviven restos arqueolóxicos ou construcións arquitectónicas do mundo grecolatino. Xa se fixeron estas saídas en cursos anteriores e tentaremos repetir a experiencia, moi positiva para a motivación e aprendizaxe do alumnado, aínda que dependemos dos medios.
14. Tamén incluímos a participación en xogos baseados na cultura grecolatina ou en concursos que inclúen preguntas sobre ela. Estes xogos e concursos son elaborados ao longo do curso en colaboración co departamento de actividades extraescolares.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

1. Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3º ESO Cultura Clásica.
2. Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
3. Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
4. Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
5. Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.
6. Para alcanzar estes obxectivos a/o docente debe elaborar un test ou proba que o alumnado

debería completar nunha das primeiras sesións. En función do número de alumnado, partes deste test ou proba poden ser substituídas por un diálogo informal na aula, do que a información máis salientable debe ser recollida por escrito. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	9	9	9	12	12	12	12
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	70
Táboa de indicadores	30

Criterios de cualificación:

Na materia de Latín levaranse a cabo en xeral, dúas probas escritas, dous traballos e unha proba de lectura (oral ou escrita) por trimestre.

A ponderación trimestral será :

- Probas escritas (comprensión oral e escrita, produción oral) : 70%
- Traballos (2 por trimestre), traballo de aula : 15%
- Lectura : 15%

a) A cualificación da avaliación ordinaria obterase da media aritmética da cualificación das tres avaliacións. A nota media obtida nas probas escritas debe ser igual ou superior a 4 puntos sobre 10.

b) A nota total, sumando a media das probas, non inferior a 4, e a nota obtida a través de exercicios escritos, orais, lecturas, e traballo, terá que ser igual ou superior a 5.

c) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

1. A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
2. Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
3. Ter entregado os dous traballos requiridos en cada trimestre.

Criterios de recuperación:

- a) No caso de non superar a materia, levarase a cabo una proba de recuperación das destrezas non acadadas en cada trimestre (decembro-xaneiro, marzo-abril, xuño).
- b) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que o alumnado non ten coñecementos desta materia de cursos anteriores, deberemos empezar de cero no referente a gramática latina e tradución, e ir avanzando de xeito progresivo.

Na parte desta materia que conecta coa cultura clásica, atopámonos dous tipos de alumnado:

- Aquel que colleu a optativa de cultura clásica en 3º de ESO (a maioría dos que logo cursan latín)
- Os que non a colleron e optan agora por latín.

A profesora deberá ter en conta as dúas posibilidades. Se ben na gramática latina e tradución, todos empezan de cero, na parte relacionada coa cultura clásica, que figura tamén no currículo desta materia notará certas diferenzas. O metodoloxía buscará por tanto repasar contidos para que poidan adquirilos os que non os viron, e amplialos para que todos avancen neles.

Para o alumnado que presenten dificultades, o profesorado esixirá os estándares no seu grao mínimo de consecución, e se é necesario, exercicios que incidan nas partes de máis dificultade. Para detectar posibles dificultades previas comezará facendo unha avaliación inicial que constará de dous tipos de probas:

- Unha proba escrita que valore cuestións básicas de morfosintaxe, léxico, comprensión lectora e expresión escrita.
- Preguntas orais para comprobar a comprensión e expresión oral e os coñecementos previos sobre o mundo grecolatino.

Tras detectar as posibles dificultades, aportaremos explicacións e exercicios de repaso para corrixir os erros e lembrar cuestións estudadas, necesarias para avanzar nesta materia.

Ademais traballarase a tradución, aínda que tratándose dun primeiro curso sexa de textos e oracións sinxelos, coa fin de lograr a práctica por parte do alumnado, necesaria tanto para superar este curso como para enfrontarse a posteriores cursos de latín. Para a tradución son necesarios coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe, neste caso os relativos as categorías gramaticais, concordancia, funcións sintácticas e á análise da oración simple e de oracións coordinadas. Estes aspectos son traballados nas materias de lingua castelá e de lingua galega desde 1º de ESO, polo que é lóxico que o alumnado xa conte con eles. De todos os xeitos, como medida de atención á diversidade, faranse unhas sesións de repaso de morfosintaxe como punto de partida para aplicar logo eses coñecementos ao latín. Do mesmo xeito, o feito de traballalos en latín mediante traducións, reforzará eses coñecementos en castelán e galego.

A materia axudará ademais a ampliar o léxico en ambas linguas, partindo da etimoloxía e do significado de prefixos, sufixos, palabras e expresións gregas e latina.

Tamén terán a oportunidade de expoñer e resolver dúbidas e reforzar aquelas partes nas que

non obtiveron bos resultados. Existirá ademais a posibilidade de recuperar avaliacións suspensas mediante probas escritas.

Por outra banda incidiremos na adquisición de léxico latino, importante para ampliar o léxico do galego e o castelán, dado que o 80% do vocabulario destas linguas procede do latín e do grego, e tendo en conta ademais que, como as outras linguas romances, estas recorren a cultismos e latinismos con frecuencia.

A lectura e análise de textos literarios clásicos grecolatinos, axudará a traballar a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, importantes para o alumnado. Nos casos en que as obras literarias resultasen moi extensas ou complexas para o nivel do alumnado, recorreremos a fragmentos ou adaptacións.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X

	UD 9	UD 10
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X

Observacións:

Todos os aspectos estudados conectan coa expresión oral e escrita, dado que en maior ou menor medida versan sobre ela ou requiren dela para desenvolverse. Pero ademais, polo tratamento do latín e a constante conexión, comparación e tradución ao galego e o castelán a expresión oral e escrita ten unha grande importancia da materia.

A materia conecta tamén cos temas transversais en moitos aspectos, na comparación da cultura, literatura e mitoloxía grecolatinas coas actuais para estudar temas como a igualdade entre homes e mulleres, diferencias de clases sociais e desigualdades económicas, cuestionamento e tolerancia de costumes e tradicións, racismo, liberdade sexual (homosexualidade, desigualdade na permisividade a homes e mulleres...) prexuízos. O apartado da liberdade sexual permite ver a que tiñan os homes, non así as mulleres, no mundo grego e romano, e a diferenza coas concepcións actuais, como a ausencia de homofobia naquela época. Estes aspectos traballan a educación para a paz, educación moral e cívica, educación da saúde e da sexualidade.

No caso da igualdade de sexos, a cultura clásica permite coñecer a educación, formación e vida das mulleres gregas e romanas, a clara discriminación que sufrían con respecto aos homes (falta de liberdade vital e sexual, escasa formación intelectual...) Isto vese a través do estudo da vida cotiá grega e romana, da historia e da mitoloxía, co tratamento que recibían, ás veces como obxectos, botíns de guerra, no mundo real ou seres perseguidos polos deuses e traizoados polos heroes no mundo mitolóxico. Tamén vemos o parecido entre ese mundo clásico e o noso, a evolución da muller e os seus dereitos, e a permanencia de moitos aspectos daquela mentalidade. Traballamos así a educación para a igualdade de sexos.

Tamén permite estudar diferentes réximes políticos (monarquía, democracia, república, imperio) a súa terminoloxía, e a través dos acontecementos históricos, as consecuencias da prepotencia económica, militar, guerras... Tamén as diferencias de clases sociais, a escravitude, a xustiza, o enfrontamento entre dereitos individuais e colectivos, ética e lei. Educación moral e cívica e educación para a paz.

A través da literatura grecolatina traballamos especialmente a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual (proxectando presentacións e fragmentos de películas sobre obras literarias e personaxes mitolóxicos e elaborando traballos) ademais a educación para o lecer.

Tanto a literatura, como a mitoloxía e as diferentes artes clásicas permiten conectar tamén coa educación para a sensibilidade artística e para o lecer.

Ademais a materia permite ademais valorar as artes, as humanidades e o mundo clásico como elemento de aprendizaxe e comparación co mundo actual. Tamén cuestionar as actitudes practicistas e puramente economicistas que tenta impoñer esta sociedade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao teatro	propoñemos a asistencia a unha obra de teatro clásico grecolatino, cando sexa posible		X	
Visitas a museo ou restos arqueolóxicos.	construcións romanas (pontes, murallas, edificios, calzadas, acuedutos) ou obras de arte e obxectos presentes en museos.			X
Obradoiros e actividades relacionados co mundo clásico.	Xogos, concursos e olimpíada.			X
Documentais e películas	relacionados coa arte grecolatina, a arquitectura, a historia, ou aspectos da vida cotiá no mundo clásico.	X	X	

Observacións:

Entre as actividades complementarias propoñemos a asistencia a unha obra de teatro clásico grecolatino, cando sexa posible.

Tamén a proxección de películas baseadas na mitoloxía grega ou na historia de Grecia e Roma.

Incluimos documentais relacionados coa arte grecolatina, a arquitectura, a historia, ou aspectos da vida cotiá no mundo clásico.

Tamén, se é posible, proporase a participación dalgunha excursión na que se amosen restos arqueolóxicos: construcións romanas (pontes, murallas, edificios, calzadas, acuedutos) ou obras de arte e obxectos presentes en museos.

Ademais os alumnos participan en xogos relacionados coa mitoloxía.

A eses xogos, engadimos un concurso con preguntas nas que se inclúe tamén o mundo clásico grecolatino: xeografía, historia, mitoloxía, literatura, arte e a gramática latina.

Por outra banda, propoñemos unha especie de olimpíada baseada en probas físicas, coa axuda do departamento de educación física, que permitirá conectar os coñecementos sobre o mundo do deporte e os espectáculos en Grecia e Roma, e o mundo actual. O feito de combinar aspectos teóricos e prácticos resultará ameno para o alumnado e interesante para ambas materias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.

Medidas de atención á diversidade
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do mes de novembro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis ca persoa docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula pola persoa docente é, seica, un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados